

ACTA NÚMERO: 36/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 18 de setembro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 28 de agosto de 2025 (Reunión 33/2025) e 4 de setembro de 2025 (Reunión 34/2025).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013630).
3. Apertura electrónica sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución material de cuberta no edificio vestiarios, no Centro Vacacional da Lanzada.". (Expte.- 2024075885).
4. Apertura electrónica dos sobres "ÚNICOS" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento, e da Escola de Enfermería. (Expte.- 2025032350).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e á proposta avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025. (Expte.- 2025018065).
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025025952).
7. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025025952).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal



que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 28 de agosto de 2025 (Reunión 33/2025) e 4 de setembro de 2025 (Reunión 34/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 28 de agosto de 2025 (Reunión 33/2025) e 4 de setembro de 2025 (Reunión 34/2025).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013630).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 12.35500, de data 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e centros da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 31 de xullo de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 01 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 4 de setembro de 2025 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre A, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes:

- Los Angeles Gas SLU (CIF: B15578289): Lotes 1 e 2
- Gasoleos Amigo SL (CIF: B36736049): Lotes 1 e 2
- Carbuiberia Energias SLU (CIF: B36851616): Lotes 1 e 2
- Esergui Disteser SL (CIF: B95799664): Lotes 1 e 2

A continuación, procedeuse á apertura electrónica dos sobre B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, sendo os valores ofertados polas empresas os seguintes:

LOS ANGELES GAS SLU (CIF: B15578289)

	Lote 1: Gasóleo clase B	Lote 2: Gasóleo clase C
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo	1,00%	1,00%



GASOLEOS AMIGO SL (CIF: B36736049)

	Lote 1: Gasóleo clase B	Lote 2: Gasóleo clase C
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo	2,95%	5,95%

CARBUIBERIA ENERGIAS SLU (CIF: B36851616)

	Lote 1: Gasóleo clase B	Lote 2: Gasóleo clase C
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo	8,01%	6,11%

ESERGUI DISTESER SL (CIF: B95799664)

	Lote 1: Gasóleo clase B	Lote 2: Gasóleo clase C
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo	12,50%	5,95%

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións que obteñen as empresas no sobre B son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN SOBRE B LOTE 1	LOS ANGELES GAS SLU (NIF: B15578289)	GASÓLEOS AMIGO SL (NIF: B36736049)	CARBUIBERIA ENERGIAS SLU (NIF: B36851616)	ESERGUI DISTESER SL (NIF: B95799664)
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo, ata un máximo de 100 puntos.	8,00	23,60	64,08	100,00
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	8,00	23,60	64,08	100,00
CRITERIOS DE VALORACIÓN SOBRE B LOTE 2	LOS ANGELES GAS SLU (NIF: B15578289)	GASÓLEOS AMIGO SL (NIF: B36736049)	CARBUIBERIA ENERGIAS SLU (NIF: B36851616)	ESERGUI DISTESER SL (NIF: B95799664)
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo, ata un máximo de 100 puntos.	16,37	97,38	100,00	97,38
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	16,37	97,38	100,00	97,38

Á vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas, nos lotes 1 e 2 polas empresas que concorren neste procedemento aberto, que queda da seguinte forma:



LOTE	CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	1ª	Esergui Disteser SL (CIF: B95799664)	100,00
	2ª	Carbuiberia Energias SLU (CIF: B36851616)	64,08
	3ª	Gasoleos Amigo SL (CIF: B36736049)	23,60
	4ª	Los Angeles Gas SLU (CIF: B15578289)	8,00
2	1ª	Carbuiberia Energias SLU (CIF: B36851616)	100,00
	2ª	Esergui Disteser SL (CIF: B95799664) Gasoleos Amigo SL (CIF: B36736049)	97,38
	3ª	Los Angeles Gas SLU (CIF: B15578289)	16,37

2. Propor ó órgano de contratación que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto ás seguintes empresas, polos prezos e valores ofertados, para cada un dos lotes:

- Lote 1: Esergui Disteser SL (CIF: B95799664).
- Lote 2: Carbuiberia Energias SLU (CIF: B36851616)

3. **Apertura electrónica sobre "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución material de cuberta no edificio vestiarios, no Centro Vacacional da Lanzada.". (Expte.- 2024075885).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025006987 de data 25/08/2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da "Substitución material de cuberta no edificio vestiarios no Centro Vacacional da Lanzada (O Grove)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.
- COVISAM NORTE, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO		
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	38.214,54 €	3,00%	36 MESES
COVISAM NORTE, S.L.	37.980,00 €	3,00%	36 MESES

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "ÚNICO"			PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,70	10,00	10,00	36,70
COVISAM NORTE, S.L.	19,16	10,00	10,00	39,16



A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Substitución material de cuberta no edificio vestiarios no Centro Vacacional da Lanzada (O Grove)*", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	COVISAM NORTE, S.L.	39,16
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	36,70

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....37.980,00 €
IVE (21%).....7.975,80 €
Importe Total..... 45.955,80 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a COVISAM NORTE, S.L figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (número 4994) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia, acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, COVISAM NORTE, S.L , mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

- a) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 1.899,00 €

4. ***Apertura electrónica dos sobres "ÚNICOS" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento, e da Escola de Enfermería. (Expte.- 2025032350).***



O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2025006384, de data 30 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de colaboración coa Intervención Provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento, e da Escola de Enfermería.

Con data 28 de agosto de 2025, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o anuncio de licitación do contrato e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento.

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentáronse as seguintes empresas:

- BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (CIF: B32468647)
- CACHARELA GROUP AUDITORES, S.L. (CIF:B94153624)
- NETADIA EUROPA, S.L.P. (CIF:B91857870)

Os valores ofertados polas empresas presentadas e admitidas no procedemento son os seguintes:

BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (CIF: B32468647)

1. Prezo ofertado:

	Importe anual, sen o IVE	IVE (21 %)	Importe anual, co IVE
Consorcio Provincial	2.900,00 €	609,00 €	3.509,00 €
Escola de Enfermería	1.900,00 €	399,00 €	2.299,00 €
TOTAL SUMA	4.800,00 €	1.008,00 €	5.808,00 €

2. Experiencia da socia ou socio auditora, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo nos últimos 10 anos



Sinalar o número de traballos ofertados:	100 traballos (95 adicionais ao mínimo)
--	--

- 3. Experiencia da xefa ou xefe auditor, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo nos últimos 10 anos:**

Sinalar o número de traballos ofertados:	44 traballos (39 adicionais ao mínimo)
--	---

CACHARELA GROUP AUDITORES, S.L. (CIF:B94153624)

- 1. Prezo ofertado:**

	Importe anual, sen o IVE	IVE (21 %)	Importe anual, co IVE
Consortio Provincial	2.627,65 €	551,81 €	3.179,46 €
Escola de Enfermería	1.751,76 €	367,87 €	2.119,63 €
TOTAL SUMA	4.379,41 €	919,68 €	5.299,09 €

- 2. Experiencia da socia ou socio auditora, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo nos últimos 10 anos**

Sinalar o número de traballos ofertados:	Concello de O Porriño
	Consortio de Augas

- 3. Experiencia da xefa ou xefe auditor, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo nos últimos 10 anos:**

Sinalar o número de traballos ofertados:	Consortio de augas do Louro
	Concello de O Porriño

NETADIA EUROPA, S.L.P. (CIF:B91857870)

- 1. Prezo ofertado:**

	Importe anual, sen o IVE	IVE (21 %)	Importe anual, co IVE
--	-----------------------------	------------	--------------------------



Consortio Provincial	3.100,00 €	651,00 €	3.751,00 €
Escola de Enfermería	2.400,00 €	504,00 €	2.904,00 €
TOTAL SUMA	5.500,00 €	1.155,00 €	6.655,00 €

2. Experiencia da socia ou socio auditora, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo nos últimos 10 anos

Sinalar o número de traballos ofertados:	23 traballos
--	--------------

3. Experiencia da xefa ou xefe auditor, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo nos últimos 10 anos:

Sinalar o número de traballos ofertados:	13 traballos
--	--------------

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada polo empresario CACHARELA GROUP AUDITORES, S.L. (CIF: B94153624), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e á proposta avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaioir en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025. (Expte.- 2025018065).*

Mediante acordo de Xunta de Goberno nº6.35521, do día 08 de agosto de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaioir en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28 de agosto de 2025. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario da Mesa de Contratación comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación ACORDA:

- Propor ao órgano de contratación que declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *“servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025”* por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2025025952).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno do día 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da *“subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra”*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Diario Oficial da Unión Europea con data 06 de agosto de 2025 (número de anuncio 518384-2025) e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, en data 07 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 11 de setembro de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas nos lotes:

Lote nº 1:

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125)
- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)

Lote nº 2:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)



A Mesa de Contratación na reunión do día 11 de setembro de 2025 tamén procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B", correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas neste procedemento.

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre "B" que presentaron as referidas empresas ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexe este procedemento aberto.

O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 16 de setembro de 2025, emitiu informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor en cada un dos lotes, con CSV: G8P71QOA6C9QDLWG e GY9F6JEBO9YKM8E7, sendo as puntuacións outorgadas, por lotes:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	CANON ESPAÑA, S.A.U.	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	4,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	5,000	8,000
Plan de traballo	8,000	4,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"	25,000	13,000	22,000

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	8,000
Plan de traballo	8,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"	25,000	22,000

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.

2.- Que se proceda á apertura do sobre "C", correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que acadan unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (12,500 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

7. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025025952).*

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre "B" polas empresas admitidas sendo as seguintes:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	CANON ESPAÑA, S.A.U.	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	4,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	5,000	8,000
Plan de traballo	8,000	4,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"	25,000	13,000	22,000



Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	8,000
Plan de traballo	8,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"	25,000	22,000

A presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os seguintes:

LOTE 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125).

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	2.098,30 €	50.359,13 €
IVE (21 %):	440,64 €	10.575,42 €
Importe total ofertado:	2.538,94 €	60.934,55 €

Prezo unitario de referencia para as copias (cubrir cos prezos ofertados segundo o tipo):

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,02900 €	0,03509 €
Copia en b/n	0,00000 €	0,00000 €

Melloras nas características funcionais dos equipos:

- O equipo permite impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- Velocidade de impresión >=120 ppm A4 a 450 gr: ☐ SÍ ☒ NON
- O equipo admite un ancho mínimo do papel inferior a 100 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- O consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500w: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona específica de bandas para minimizar a estática: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón de tecnoloxía de impresión con densímetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%: ☒ SÍ ☐ NON



- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571):

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	3.463,95 €	83.134,90 €
IVE (21 %):	727,43 €	17.458,33 €
Importe total ofertado:	4.191,38 €	100.593,23 €

Prezo unitario de referencia para as copias (cubrir cos prezos ofertados segundo o tipo):

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,017500 €	0,021175 €
Copia en b/n	0,000001 €	0,00000121 €

Melloras nas características funcionais dos equipos:

- O equipo permite impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- Velocidade de impresión >=120 ppm A4 a 450 gr: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo admite un ancho mínimo do papel inferior a 100 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- O consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500w: ☐ SÍ ☒ NON
- O equipo dispón dunha zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona específica de bandas para minimizar a estática: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón de tecnoloxía de impresión con densitómetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%: ☒ SÍ ☐ NON

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571):

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	539,58 €	12.950,00 €
IVE (21 %):	113,31 €	2.719,50 €
Importe total ofertado:	652,90 €	15.669,50 €



Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,034900 €	0,042229 €
Copia en b/n	0,0069000 €	0,008349 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Fora da orde do día e previa aprobación por unanimidade dos membros da Mesa de Contratación, da declaración de urxencia, trataronse os seguintes asuntos:

ASUNTO: *Aprobación das valoracións correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor (sobre B) das ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino.- Nº expte 2024017600*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 24/07/2025, procedeuse á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes ás ofertas avaliables mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas ó procedemento referenciado.

Unha vez descargadas as ofertas, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica ó servizo de Turismo Rías Baixas.

Con data 16/09/2025, a Xefa servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: K9787H5NPDZE6XD1).

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

- 1) Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres "B".
- 2) Proceder á apertura dos Sobres "C", relativos ás ofertas avaliables mediante criterios automáticos, dos licitadores cuxas ofertas técnicas obtiveron o mínimo do 50% da puntuación máxima.



ASUNTO: *Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes ás ofertas avaliables con criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino .- Nº expte 2024017600*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres “B”, procédese a continuación á apertura dos Sobres “C”, correspondentes coas ofertas avaliables mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima permitida no Sobre B.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descryptación e descarga da documentación dos sobres “C”, correspondentes coas ofertas avaliables mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

AMAZING UP - INGENIERÍA INTERACTIVA DEL OCIO, S.L. (B98619281)

1.- Prezo ofertado

Importe sen o IVE:	128.000,00 €
IVE (21 %):	26.880,00 €
Importe total ofertado	154.880,00 €



2.- Incremento de idiomas adicionais, ós propostos inicialmente no PPT (galego, castelán, inglés e portugués), na implantación do frontal web (máximo 3 idiomas):

- Idioma 1: FRANCÉS
- Idioma 2: ITALIANO
- Idioma 3: RUMANO

TOURISTINNOVACIÓN360, S.L. (B42580233)

1.- Prezo ofertado

Importe sen o IVE:	82.740,00 €
IVE (21 %):	17.375,40 €
Importe total ofertado	100.115,40 €

2.- Incremento de idiomas adicionais, ós propostos inicialmente no PPT (galego, castelán, inglés e portugués), na implantación do frontal web (máximo 3 idiomas):

- Idioma 1: FRANCES
- Idioma 2: ALEMÁN
- Idioma 3: ITALIANO

LUX XPERIENCE, S.L. (B05485081)

1.- Prezo ofertado

Importe sen o IVE:	117.221,00 €
IVE (21 %):	24.616,41 €
Importe total ofertado	141.837,41 €

2.- Incremento de idiomas adicionais, ós propostos inicialmente no PPT (galego, castelán, inglés e portugués), na implantación do frontal web (máximo 3 idiomas):

- Idioma 1: CATALÁN
- Idioma 2: EUSKERA
- Idioma 3: FRANCÉS

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP,



resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezasete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

